



Examinada a solicitude de axuda formulada pola “Asociación galega de bandas de gaitas e percusión da provincia de Pontevedra”, para contribuír a sufragar os gastos de funcionamento da escola. Esta axuda concédese ao abeiro do disposto nos artigos 19.4, letra c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia (en adiante LSG) e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e considerando os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

“Asociación galega de bandas de gaitas e percusión da provincia de Pontevedra”, presentou unha solicitude de axuda para financiar os gastos de funcionamento interno da escola e os gastos relativos aos cursos de zanfona.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Nos termos do establecido no artigo 19 da LSG, o obxecto da axuda proposta é favorecer que a entidade realice actividades de interese social. Neste sentido, estamos ante unha asociación inscrita no rexistro provincial de asociacións co número 1996/003718-1 (PO).

Segundo.- O expediente tramitase ao abeiro do establecido nos artigos 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e nos artigos 19.4, letra c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, así como no artigo 47 da Lei 1/2017 do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

Terceiro.- De acordo có disposto no artigo 40.1º, letra d), do Regulamento de subvención, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Ao abeiro do artigo 21.1º, do citado Regulamento, o orzamento da actividade presentado polo solicitante, ou as súas modificacións posteriores servirán de referencia para a determinación final do importe da subvención, calculando este como unha porcentaxe do custo final da actividade. Neste caso o eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que debe alcanzar a achega respecto do custo total.

Conforme ao establecido no artigo 20 do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (en adiante Consellería), integrada na estrutura da Consellería, a Dirección Xeral de Administración Local (en adiante DXAL) deberá contribuír á cohesión territorial e a equilibrar as disparidades no desenvolvemento



socioeconómico de Galicia, mitigando os desequilibrios entre o medio rural e urbano, o interior e a costa e contribuíndo á fixación de poboación, mediante a redución de diverxencias. Neste sentido, a existencia de Asociacións que poidan levar a cabo actividades de interese xeral para os municipios non sería posible sen a axuda e colaboración da Administración Pública. A maior abastanza, e dado o carácter limitado dos recursos municipais, a única maneira de diminuír as diverxencias territoriais e a través de axudas desde a Administración Autonómica.

Tendo en conta os principios inspiradores das relacións entre Administracións Públicas, aínda que a colaboración interadministrativa non se dea de forma directa entre a CCAA e o Concello, a concesión da axuda á Asociación repercute positivamente na poboación municipal e por conseguinte na actividade ordinaria do Concello.

Polo exposto correspóndelle á Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia asumir a concesión da axuda, en tanto en canto constitúe o órgano de apoio e asistencia das diferentes Direccións Xerais. Ademais, a xestión dos créditos asignados ao Vicepresidente para a concesión de axudas directas é competencia da Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativo.

A subvención que se outorgará ascende a cantidade de 6.000,00€, financiándose co crédito consignado na aplicación orzamentaria 05.21.121A.481.0 (C.P.2015 00111) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2017 onde hai crédito axeitado e suficiente para asumir este gasto.

O pagamento tramitarase unha vez que o representante da entidade beneficiaria da axuda aporte as facturas ou documentos de carácter probatorio equivalente e documentos xustificativos do pago e da aplicación dos fondos a percibir para a actividade solicitada.

O expediente tramitarase o abeiro do establecido nos artigos 47 da Lei 1/2017, de 8 de febreiro, de orzamentos xerais da CCAA de Galicia para o ano 2017, 19.4-c), 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia e 36 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

De acordo có disposto no artigo 40.1º, letra d), do Regulamento de subvención, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da axuda será ata o 15 de decembro de 2017.

Cuarto.- Tendo en conta a normativa citada e á vista da solicitude presentada, considérase que a "Asociación galega de bandas de gaitas e percusión da provincia de Pontevedra", cumpre cós requisitos necesarios para a concesión dunha axuda directa.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

En vista do exposto

PROPONSE

- 1) Aprobar a concesión dunha axuda de concesión directa a favor da "Asociación galega de bandas de gaitas e percusión da provincia de Pontevedra", por importe de 6.000,00€ financiándose co crédito consignado na aplicación orzamentaria 05.21.121A.481.0 (C.P.2015 00111), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.
- 2) Que se lle comunique a presente resolución á entidade interesada.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2017

A Secretaría xeral técnica

PS. Art. 11. Decreto 72/2013
O VICESECRETARIO XERAL
Nicolás Vázquez Iglesias
Beatriz Cuña Barja

Esta proposta está suxeita a fiscalización previa limitada, e foi intervida de conformidade o 14 de agosto de 2017 polo interventor José Ignacio Galiana Galán.

Polo exposto,

RESOLVO

Dar a miña aprobación á proposta de resolución

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á súa notificación de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e , ou ben, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela,

O vicepresidente e conselleiro da Presidencia AA.PP e Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela